

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 13 DE DECEMBRO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Proxecto de Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Proxecto de Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se nomea a Álvaro Pérez López director xeral do Gabinete da Presidencia.
- Decreto polo que se nomea a Belén María do Campo Piñeiro delegada territorial da Xunta de Galicia na Coruña.
- Decreto polo que se nomea a Raquel Arias Rodríguez delegada territorial da Xunta de Galicia en Lugo.
- Decreto polo que se nomea a José Manuel Cores Tourís delegado territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de restos illados da antiga estrada AC-447 e da estrada AC-437 (AC-546–límite concello) a prol do Concello de Negreira.

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada provincial OU-0355 "Quins-Covelo", a prol do Concello de Melón.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha segunda addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Clúster do Granito, en materia de prevención de riscos laborais, polo importe de sesenta e cinco mil novecentos setenta e oito euros con corenta céntimos (65.978, 40).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha segunda addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Clúster da Lousa de Galicia, en materia de prevención de riscos laborais por importe de noventa mil euros (90.000 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe de execución orzamentaria.

A PRIMEIRA LEI DE IMPULSO E ORDENACIÓN DAS TELECOMUNICACIÓNS DE GALICIA RETOMA O SEU TRÁMITE PARLAMENTARIO

- ***A norma, que conta xa co informe preceptivo do CES, facilitará e axilizará o despregamento destas infraestruturas en todo o territorio***
- ***Fixa un marco de coordinación entre os diferentes axentes públicos e privados implicados evitando que se dupliquen esforzos e investimentos.***
- ***Establece os criterios que deberán seguir os concellos e a Xunta de Galicia neste ámbito convertendo os servizos de telecomunicacións nun elemento máis da planificación urbanística***
- ***Obriga os operadores a compartiren as súas infraestruturas para o despregamento de redes de telecomunicacións, cando sexa preciso***
- ***Exixe a inclusión dos elementos necesarios para o desenvolvemento do fogar dixital en vivendas de nova construción, facilitando o acceso a novos servizos sociosanitarios, de entretemento, eficiencia enerxética na casa***
- ***Regula a previsión, nos edificios públicos autonómicos, do equipamento necesario para os servizos de telecomunicacións evitando os custes de actuacións posteriores***
- ***Os proxectos de obra pública como estradas conterán as canalizacións necesarias para despregar este tipo de redes***

O Consello da Xunta acordou hoxe remitir de novo ao Parlamento o proxecto de Lei de impulso e ordenación das infraestruturas e telecomunicacións de Galicia, tras a interrupción da súa tramitación pola disolución do órgano lexislativo. A norma, a primeira con que contará Galicia neste ámbito, ten como obxectivo axilizar e facilitar o despregamento ordenado de infraestruturas de telecomunicacións en todo o territorio dun xeito homoxéneo, harmónico e respectuoso co ambiente, a paisaxe e o patrimonio cultural.

A lei, que conta co informe preceptivo do Consello Económico e Social, resolve a ausencia ata o de agora dun marco de coordinación entre os diferentes axentes públicos e privados implicados nos despregamentos de infraestruturas de telecomunicacións, evitando que se dupliquen esforzos e investimentos. Esta necesidade faise máis evidente nun momento en que se están a executar as actuacións dos operadores no marco do Plan de Banda Larga e a incrementar rapidamente a demanda de redes móbiles e de nova xeración.

Con esta lei, Galicia complementa no ámbito das súas competencias, a estratexia estatal en materia de telecomunicacións para fomentar o investimento dos operadores e o despregamento de infraestruturas.

Coordinar axentes públicos e privados

Unha das principais medidas recollidas na presente lei é o desenvolvemento do Plan de ordenación das infraestruturas de telecomunicación de Galicia, que permitirá establecer os criterios que deberán seguir os concellos e a Xunta de Galicia na planificación do territorio, convertendo os servizos de telecomunicacións nun elemento máis de planificación urbanística de modo similar á luz e á auga.

Ademais, a norma obrigará, cando sexa preciso, os operadores a compartiren as súas infraestruturas para o despregamento de redes de telecomunicación, o que contribuirá a unha implantación ordenada e eficiente das infraestruturas e ao fomento da competencia.

A lei obrigará tamén os operadores de telecomunicación e os concellos a remitiren periodicamente información sobre os seus plans de despregamento executados e previstos. Con esta información desenvolverase o mapa de infraestruturas de telecomunicación de Galicia, que evitará superposición de iniciativas e permitirá establecer plans de despregamento coordinados e que terán como base as necesidades reais existentes en Galicia.

Obras, edificios públicos e vivendas

Por outra banda, a norma regula a previsión de infraestruturas de telecomunicación nos novos edificios públicos autonómicos así como a interconexión destes ás redes públicas electrónicas existentes. Isto garantirá o acceso aos servizos de telecomunicación de todos os centros públicos e reducirá o custo que suporía implantar solucións con posterioridade.

Ademais, promoverase a inclusión de infraestruturas de telecomunicación en proxectos de obra pública (estradas, redes de abastecemento de auga, etc) de xeito que, en paralelo á realización destas obras, se dispoñan canalizacións e espazos que poidan ser empregados por operadores, públicos e privados.

No que respecta á implantación dos novos servizos das TIC nos fogares, obrigarase a que se inclúan as infraestruturas de soporte necesarias para o desenvolvemento do fogar dixital en vivendas de nova construción. Esta medida facilitará a introdución nos fogares galegos de novos servizos sociosanitarios, unha mellor eficiencia enerxética, unha maior seguridade, servizos de teleasistencia, etc, o que comportará unha mellora na calidade de vida do cidadán e un achegamento aos servizos públicos, do mesmo xeito que suporá un importante impulso ao sector tecnolóxico de Galicia.

Ambiente e Rede de emerxencias

A importancia de asegurar o máximo respecto nos ámbitos protexidos verase reflectida co establecemento de normas de protección ambiental e cultural que permitan levar a cabo despregamentos en zonas de especial protección, garantindo o máximo respecto ao contorno.

Establécese a obriga de que a futura Rede dixital de seguridade e emerxencias da Xunta de Galicia sexa de uso obrigatorio por todos os organismos autonómicos que o precisen. Esta rede permitirá optimizar os custos fronte á situación actual.

Por último, a lei recolle a creación do Consello Asesor para as Telecomunicacións e o Desenvolvemento Dixital de Galicia, coa conseguinte desaparición do actual Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia, que se configurará como un órgano de estudo, asesoramento e apoio ao Goberno da Xunta de Galicia na definición e execución das políticas de telecomunicacións.

O CONSELLO RATIFICA A NOVA LEI DO TAXI DE GALICIA PARA INICIAR O TRÁMITE PARLAMENTARIO NA NOVA LEXISLATURA

- ***Con esta normativa a Xunta pretende chegar ao sector un marco estable e de maior seguridade xurídica no contexto de crise actual***
- ***Cómpre lembrar que ata o de agora non existía en Galicia unha normativa propia que ordenase este tipo de servizos, polo que se trata dunha lei pioneira nesta materia***
- ***O número de profesionais beneficiados ascende a máis de 4.000 taxistas, na súa maior parte autónomos cun único vehículo.***
- ***Ademais, existen na nosa comunidade 138 vehículos dedicados á actividade de arrendamento con condutor e xestionados por 18 empresas***
- ***A lei establece unha limitación do número de licenzas vixentes en cada concello en función da súa poboación, aínda que tamén se prevé un procedemento específico para acomodar ese número ás necesidades reais de cada municipio***
- ***Prevese a posibilidade de interconectar os sistemas de Radiotaxi, o que permitirá dispor dun único número de chamada para toda Galicia***

O Consello da Xunta de Galicia ratificou esta mañá o proxecto de Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, que será remitido de inmediato ao Parlamento de Galicia para o seu debate e aprobación ao longo desta lexislatura.

Cando entre en vigor, converterase na primeira Lei do taxi de que disporá a nosa Comunidade Autónoma, porque ata o momento o sector se regula a través dunha serie de disposicións xerais que foron aprobadas hai máis de 30 anos, como é o caso do Regulamento de servizos urbanos e interurbanos de transporte en automóbiles lixeiros, aprobado mediante Real decreto 763/1979.

Trátase, polo tanto, dunha lei pioneira nesta materia que chega ademais nun momento clave, posto que un dos seus obxectivos é chegar estabilidade e unha maior seguridade xurídica ao sector no contexto da crise económica actual, establecendo un marco legal claro e duradeiro, adaptado á realidade actual deste tipo de transporte. Tamén se introducen criterios para a renovación progresiva do sector co obxectivo de incrementar a súa competitividade nunhas condicións de sustentabilidade e calidade na prestación do servizo.

O número de profesionais beneficiados ascende a máis de 4.000 taxistas, na súa maior parte autónomos cun único vehículo. Ademais, existen na nosa comunidade 138 vehículos dedicados á actividade de arrendamento con condutor e xestionados por 18 empresas.

A Lei suporá unha mellora para todos os galegos, os turistas e visitantes en xeral que poidan demandar servizos de transporte en taxi ou en vehículos de alugamento con condutor.

Clarificación dos requisitos

Un dos aspectos mais salientables da lei é que achegará maior claridade ao sector, no sentido de que harmonizará os requisitos que deben cumprir os taxis tanto no ámbito urbano como interurbano. Entre outras cuestións, a norma aprobada hoxe establece o procedemento para obter a licenza municipal necesaria para facer servizos dentro do núcleo urbano, e coordina esta competencia local coa autorización autonómica para realizar servizos interurbanos.

Regúlanse tamén as chamadas áreas territoriais de prestación conxunta (ATPC) para dar resposta ás necesidades reais dos usuarios, de xeito que, cando a mobilidade recorrente dos cidadáns a ámbitos supramunicipais así o requira, se impulsará este tipo de áreas. Deste xeito, as ATPC agruparán varios concellos nos cales os vehículos con licenza de taxi estarán facultados para a prestación dos servizos que se realicen integramente dentro de dita área ou se inicien no interior dela.

Limitación de licenzas

A lei establece unha limitación do número de licenzas vixentes en cada concello en función da súa poboación, aínda que tamén se prevé un procedemento específico para acomodar ese número ás necesidades reais de cada municipio, determinadas, entre outras cousas, polas actividades de natureza comercial, industrial, lúdica ou turística que se desenvolvan no concello.

Adaptarase con carácter xeral o número máximo de taxis por concello actual (1 taxi / 1.000 habitantes) á distinta realidade territorial. Non obstante, os concellos, sempre coa Xunta de Galicia, poderán incrementar o número de taxis no marco das necesidades de mobilidade do seu territorio.

Coa entrada en vigor da nova lei ordénase a maneira de adxudicar as licenzas mediante concurso público ao cal se poderán presentar as persoas que cumpran os requisitos para ser titulares delas. Así mesmo, prevese a existencia dun rexistro público de licenzas e autorizacións no cal figuren a identificación da persoa titular, ademais doutros datos para efectos de notificacións administrativas.

Radiotaxi

Coa posta en marcha da Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia prevese a posibilidade de interconectar os sistemas de Radiotaxi, o que permitirá dispor dun único número de chamada para toda Galicia, ao mesmo tempo que se facilitará o establecemento dunha imaxe de calidade e homoxénea dos vehículos de taxi, mantendo a identificación local.

Outro dos aspectos innovadores da normativa consiste na regulación da actividade do taxi e a do transporte en réxime de arrendamento de vehículos con condutor, establecendo así as diferentes condicións de prestación de ambas as dúas categorías de transporte, para garantir a competencia leal entre ambas.

Dereitos e deberes dos usuarios

A Lei do Taxi define os deberes dos usuarios e os seus dereitos, unha circunstancia que ata o de agora non aparecía regulada con claridade nin plasmada nun texto legal:

| | |
|-----------------|---|
| Dereitos | <ul style="list-style-type: none">• Acceder ao servizo en condicións de igualdade.• Recibir axuda as persoas con mobilidade reducida, así como na carga e equipaxe daquelas que vaian acompañadas de nenos e nenas, ou as mulleres xestantes.• Identificar a persoa condutora e recibir unha atención correcta.• Adecuadas condicións dos vehículos.• Seleccionar o recorrido que se vai seguir e, de non o facer, que se faga polo máis curto.• Poder ir acompañado dun can-guía no caso das persoas cegas ou con discapacidade visual.• Recibir información sobre a prestación do servizo: identificación do vehículo e o seu titular, da persoa que o conduciu, recibir a factura co prezo, ...• Dispor de medios para formular as súas reclamacións en relación coa prestación do servizo. |
| Obrigas | <ul style="list-style-type: none">• Comportamento respectuoso durante a prestación do servizo.• Non interferir na conducción do vehículo.• Pagar o prezo da prestación do servizo de acordo co réxime de tarifas establecido. |

A norma aposta tamén por mellorar o nivel de accesibilidade do servizo a persoas con mobilidade reducida, tanto mediante a progresiva adaptación dos vehículos como a través da axuda que deben prestarlles os condutores. Estes vehículos desenvolverán a súa actividade de forma xeral, aínda que deberán dar servizo preferente ás persoas con mobilidade reducida. Tamén se prevé unha paulatina implantación de taxímetros que emitan sinais perceptibles para persoas con discapacidades visuais ou auditivas e a prestación dun servizo máis cómodo ás mulleres xestantes.

Diálogo social

A Lei do taxi elaborouse baixo o consenso e o diálogo social, mantendo reunións cos representantes de asociacións do taxi e do alugamento de vehículos con condutor, ademais de organizacións, colectivos, representantes das sete grandes cidades e usuarios, entre outros.

Durante a fase de información pública recibíronse un total de 15 alegacións procedentes sobre todo do sector e dos usuarios, que se tiveron en conta para redactar o texto articulado que aprobou hoxe o Consello da Xunta.

Unha das cuestións incorporada logo da análise de alegacións consiste na creación dun órgano de interlocución específico do taxi como unha comisión especial dentro do

Consello Galego de Transportes, de maneira que se asegure a representatividade deste sector no principal órgano de asistencia e consulta en materia de transporte da Xunta de Galicia.

Finalmente, quedará clarificada a situación do sector do taxi establecendo un réxime transitorio sobre licenzas preexistentes, onde se intentará facer unha transición paulatina ás novas regras establecidas pola lei; así, as licenzas actuais continuarán en vigor, mesmo se se superan os límites cuantitativos ou de acumulación nunha mesma persoa, ata o momento da transmisión.

PRESIDENCIA DA XUNTA

DIRECTOR XERAL DO GABINETE

Álvaro Pérez López

Naceu na Coruña en 1973. É licenciado en Dereito e diplomado en Empresariais pola Universidade Pontificia de Comillas (ICADE), e máster en Dereito Comunitario pola Universidade Libre de Bruxelas.

En 1998 realizou prácticas na oficina da Fundación Galicia-Europa en Bruxelas. Desde 1999 a 2003 traballou como asesor técnico da Consellería de Medio Ambiente, primeiramente na Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e posteriormente no organismo autónomo Augas de Galicia.

Entre 2000 e 2002 foi profesor de Dereito Ambiental na Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela.

Desde 2003 a 2005 traballou como asesor para asuntos parlamentarios no Gabinete do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

Colaborador do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, foi elixido deputado autonómico pola provincia da Coruña nas pasadas eleccións ao Parlamento de Galicia.

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DELEGADA DA XUNTA DE GALICIA NA CORUÑA

Belén María do Campo Piñeiro

Belén do Campo Piñeiro naceu na Coruña o 29 de decembro de 1963. É diplomada universitaria en EXB na especialidade de Lingua Española e Idiomas Modernos. Ata o seu nomeamento como delegada territorial da Xunta na Coruña en xuño de 2011 exerceu de deputada pola Coruña en diversas etapas. No período de 1996 a 2008 exerceu de senadora electa pola Coruña.

Antes de ser nomeada delegada territorial da Xunta en 2011, ocupou na Cámara o cargo de voceira adxunta na Comisión de Sanidade, Política Social e Consumo, ademais de ser vogal nas comisións de Traballo e Inmigración, de Igualdade e de Discapacidade.

Foi relatora do proxecto de Lei de seguridade alimentaria e nutrición, ademais de presentar diferentes iniciativas con respecto aos españois residentes no exterior, como a posibilidade de que os españois residentes no exterior poidan dispor de tarxeta sanitaria. Así mesmo, interesouse polo recoñecemento e homologacións de titulacións universitarias e orientación profesional para os españois demandantes de emprego e residentes no exterior así como para os retornados.

Con respecto aos retornados, tamén se preocupou polos convenios internacionais de Seguridade Social e polos convenios e recoñecementos dos permisos de conducir, así como doutras iniciativas sobre consellos de residentes españois no exterior.

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DELEGADA DA XUNTA DE GALICIA EN LUGO

Raquel Arias Rodríguez

Alcaldesa de Sober polo Partido Popular desde 1999 ata 2009, foi deputada provincial entre 1999 e 2003 e entre 2007 e 2008.

Vogal do Comité Executivo do PP de Galicia, vicesecretaria do PP de Lugo, presidenta local do PP de Sober. Coordinadora autonómica en Igualdade e, de 2008 a 2009, deputada nacional por Lugo no Congreso dos Deputados.

Naceu en Proendos-Sober en 1966. Cursou estudos de xornalismo na Universidade Complutense de Madrid, onde escribiu en diversas revistas do mundo dos seguros e impartiu clases de comunicación.

En Galicia traballou durante tres anos como redactora de informativos na Radio Galega en Santiago e, con anterioridade, en Radiocadena Española e Radio Nacional de España.

Na prensa escrita colaborou cos xornais *El Progreso* e *La Voz de Galicia* e tamén foi corresponsal de *El Mundo-Galicia* para a provincia de Ourense desde a súa creación ata maio de 1996. Desde entón e ata 1999 foi responsable do Gabinete de Prensa do concello de Monforte de Lemos.

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DELEGADO DA XUNTA DE GALICIA EN PONTEVEDRA

José Manuel Cores Tourís

José Manuel Cores Tourís

Naceu na parroquia cambadesa de Oubiña o 1 de novembro de 1958. Está casado e ten dúas fillas.

Membro de Xóvenes Agricultores-Asaja Galicia. En 1985 fundou HORSAL, xunto con outros catorce horticultores da Comarca do Salnés, e desempeñou o cargo de Director-Xerente durante nove anos.

Foi vicepresidente do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas (1992-2007) e tamén foi membro das xuntas directivas da Asociación Española e da Asociación Europea de Cidades do Viño (ACEVIN-RECEVIN) e da Asociación Española de Cidades da Pesca (AECIPE).

Foi vogal do Consello de Administración de Portos de Galicia.

A súa actividade política comezou no ano 1987 ao ser elixido concelleiro da Corporación cambadesa dentro da candidatura do Partido Popular. De 1989 ata 1998 desempeñou o cargo de primeiro tenente de alcalde. Foi elixido como alcalde de Cambados nas eleccións municipais de 1999 e reelixido nas eleccións de 2003 e 2007. Presidente da Mancomunidade do Salnés do 1998 ao 2003.

Foi senador por Pontevedra nas lexislaturas VII, VIII e IX (2000-2009), e secretario primeiro da Comisión de Agricultura, Ganadería, Pesca y Alimentación, voceiro de Pesca, vocal da Comisión Mixta para el Estudio del Problema de las Drogas e voceiro da Comisión de Peticións.

En abril de 2009 foi nomeado como delegado da Xunta de Galicia para a provincia de Pontevedra.

A XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DE VARIOS TREITOS DAS ESTRADAS AC-447 E AC-437 A PROL DO CONCELLO DE NEGREIRA

- *Na estrada AC-447 o Concello de Negreira pretende realizar construción de beirarrúas, e na AC-437, execución de beirarrúas e conexión do saneamento desde Pedra Mámoa ao parque empresarial*
- *A entrega destes treitos formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión de hoxe, aprobou o decreto de cambio de titularidade de restos illados da antiga estrada AC-447 (Negreira-Negreira) e da estrada AC-437 (AC-546 – límite concello) a prol do Concello de Negreira.

O concello solicitou a transmisión ao seu favor dos seguintes treitos:

- **AC-447:** o treito illado que conecta o pq 8+550 co pq 8+920, e o treito que conecta o pq 9+520 co pq 9+580
- **AC-437** (AC-546 - límite concello) dende o pq 0+000 ata o pq 1+510.



Na estrada AC-447, o Concello de Negreira pretende realizar construción de beirarrúas, e na AC-437, construción de beirarrúas e conexión do saneamento desde Pedra Mámoa ao parque empresarial. No pequeno tramo curvado case semicircular da estrada AC-447 realizará o axardinamento da área.


En aplicación do artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, o Concello de Negreira deberá incorporar ao seu plan de estradas os treitos a que se refire este decreto.

A entrega dos tramos formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega. Corresponderanlle ao Concello de Negreira, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación dos vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que poida corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

A teor do previsto no artigo 5 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

Por outra parte, a citada Lei de estradas dispón no artigo 54, que as estradas autonómicas ou provinciais ou os treitos determinados en que a circulación adquira características urbanas, se lles entregarán aos respectivos concellos. O expediente promoverase por proposta do concello ou da Administración titular da estrada e será resolto polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas, logo de informe de ambos os organismos.





A XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUNHA ESTRADA PROVINCIAL EN MELÓN A PROL DESTE CONCELLO OURENSÁN

- ***A cesión da estrada OU-0355 (Quins-Covelo), que conta cunha lonxitude de 130 metros, lévase a cabo co obxecto de simplificar e facilitar a tramitación de permisos de edificacións nas súas marxes ou a construción de infraestruturas***
- ***O Concello de Melón deberá incorporar ao seu plan de estradas a vía a que se refire este decreto***
- ***Así mesmo, a este municipio ourensán correspóndelle, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación deste treito***

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión de hoxe aprobou, o decreto de cambio de titularidade dun treito de 130 metros da estrada provincial OU-0355 (Quins-Covelo), a prol do Concello ourensán de Melón. A cesión é conveniente co obxecto de simplificar e facilitar a tramitación de permisos de edificacións nas súas marxes, construción de infraestruturas e servizos urbanos, etc. O Concello asumirá a súa titularidade e mantemento.

Neste treito existen peches a menos de seis metros do eixe desta estrada provincial, polo que se fai necesario este cambio co fin de mellorar, entre outros aspectos, a seguridade viaria da zona.

O expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 5 e 54 da vixente Lei de estradas do 14 de setembro de 1994, que establece que os cambios de titularidade das estradas se aprobarán por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións afectadas, e que as estradas autonómicas ou provinciais ou os treitos determinados delas en que a circulación adquira características urbanas se entregarán aos concellos respectivos.



En aplicación do artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, as entidades locais no marco das súas competencias, e de acordo cos correspondentes plans de estradas, aprobarán a relación de estradas da súa titularidade.

Obrigas municipais

De acordo co exposto, o Concello de Melón deberá incorporar ao seu plan de estradas a vía a que se refire este decreto. Así mesmo, a este municipio correspóndenlle, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación deste treito, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que poida corresponderlle como nova Administración titular da estrada.



OURENSE



Gabinete de Comunicación
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: gabinete@xunta.es



ONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

A XUNTA FAVORECE A CONCILIACIÓN FAMILIAR E DARÁ PRIORIDADE A IRMÁNS QUE CURSEN NO MESMO CENTRO, CO NOVO DECRETO DE ESCOLARIZACIÓN

- ***A normativa de Cultura e Educación impulsa a transparencia e a eficacia no proceso de admisión de alumnos***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vela pola máxima transparencia e eficacia na admisión de alumnas e alumnos nos centros de ensino a través do novo decreto de escolarización, aprobado hoxe polo Consello da Xunta. O novo texto, que fixa os criterios e o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos de Galicia, axusta este proceso ás sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Neste sentido, cómpre lembrar que o decreto ata o de agora vixente, aprobado polo Bipartito, fora obxecto de recurso en vía xudicial e está afectado polas citadas sentenzas que declaran nulos e inaplicables diversos dos seus artigos que, polo tanto, determinaron a necesidade de modificar o seu contido.

O novo texto adapta o decreto ás normas aprobadas na lexislatura 2009-2012, tales como o decreto de atención á diversidade, e dá cumprimento á proposición non de lei aprobada por unanimidade no Parlamento galego o pasado 16 de decembro na cal se instaba a favorecer a conciliación familiar e a dar prioridade a escolarizar irmáns no mesmo centro educativo.

Novidades

De acordo con isto, entre as principais novidades do decreto destaca a puntuación que se outorga á circunstancia de ter irmáns matriculados no centro, que pasa desde os 5 puntos que se daban ata o momento polo primeiro irmán ata os 8 puntos. Así mesmo, e seguindo o establecido no decreto de atención á diversidade, especifícase que teñen dereito a esta mesma puntuación as familias acolledoras á hora de matricular os seus fillos, propios e en réxime de acollida.

Así mesmo, modifícase o criterio de valoración da renda da unidade familiar, que se considerará 'per cápita'. Na norma anterior, a renda valorábase de forma conxunta e independente no número de membros da familia.

Tamén como novidade, inclúe a posibilidade de establecer por cada centro criterios complementarios. Tratarase de outras circunstancias relevantes apreciadas xustificadamente polo órgano competente do centro, de acordo con criterios obxectivos, e que terán que facerse públicos polos centros con anterioridade ao inicio do proceso de admisión.

Garantías para as familias

Entre os aspectos salientables do novo texto cómpre, así mesmo, sinalar as garantías que engade para as familias, como o feito de que a xefatura territorial terá que instruír un expediente administrativo para declarar a perda dos dereitos de prioridade na elección de centro, cando as solicitudes se presenten fóra de prazo, cando se presenten varias ou cando se detecte falsidade na documentación requirida. Isto responde á sentenza do TSXG, que declarou inaplicable o artigo 7.5 do decreto anterior por causar indefensión ao solicitante.

O novo decreto é unha aposta pola conciliación da vida laboral e familiar, xa que busca facilitarlles ás familias o proceso de escolarización dos seus fillos, cuns criterios máis claros e garantindo en todo momento a transparencia do proceso.

A XUNTA FACILITA O DESENVOLVEMENTO DOS SECTORES DA LOUSA E DO GRANITO NO EIDO DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

- ***O Consello da Xunta amplía ao 2013 o período de vixencia das iniciativas emprendidas para a eliminación dos riscos***
- ***A análise das medidas de control, a creación de novos equipos a través de melloras tecnolóxicas ou a avaliación dos resultados están entre as metas do proxecto***
- ***A iniciativa intégrase nas actuacións levadas a cabo pola Consellería de Economía e Industria para mellorar a competitividade e o crecemento dos principais sectores da economía galega***

A Consellería de Economía e Industria está a desenvolver, en colaboración cos clústers do Granito e da Lousa, proxectos demostrativos destinados á redución dos riscos laborais a través da aplicación das novas tecnoloxías. Neste contexto, e co fin de permitir que as accións de desenvolvemento dos convenios se adapten ás necesidades de ambos os sectores, o Consello da Xunta autorizou hoxe unha ampliación do período de vixencia dos acordos, que se estenderán agora a 2013.

Deste xeito, aténdese a petición dos sectores para poder dar cumprimento a unha iniciativa que fomenta as medidas de prevención para a eliminación dos riscos a través das novas tecnoloxías, mellorando as xa existentes e introducindo cambios nos procesos produtivos.

Así, e tras os estudos realizados en 2010 sobre posibles melloras para a captación do po de sílice e a redución de ruído, a iniciativa fomenta agora a análise do estado das medidas de control do risco de po avaliando o nivel, grao de implantación e efectividade das tecnoloxías actuais e determinando as novas tecnoloxías dispoñibles para os distintos procesos.

Sobre esta base, os proxectos tamén prevén a implantación de equipos e medidas deseñados en instalacións do sector do granito e da lousa, comprobando o cumprimento dos requisitos necesarios para a eliminación do risco derivado da exposición ao po e verificando a súa eficacia. Finalmente, está prevista a difusión dos resultados obtidos de cara a mellorar o adecuado asesoramento das industrias.

Estes proxectos enmárcanse nas iniciativas levadas a cabo pola Xunta de Galicia para mellorar a competitividade e impulsar o crecemento dos principais sectores da economía galega, fomentando proxectos de carácter innovador capacitados para a xeración de emprego.

GALICIA FOI A COMUNIDADE QUE MELLOR EXECUTOU E PAGOU OS SEUS INVESTIMENTOS NOS NOVE PRIMEIROS MESES DO ANO

- *Foi a primeira autonomía tanto en esforzo investidor como de pagamentos en relación co PIB e triplicou a media*
- *Compatibilizou estes niveis de execución e pagamentos cunha redución do déficit do 23%, que garante que cumprirá o obxectivo fixado para este ano polo CPFF*
- *Galicia foi a primeira comunidade que completou este ano o seu Programa de endebedamento e sen ter que acudir aos mecanismos de axuda do Goberno central*

A Comunidade galega foi a autonomía que mellor executou os seus investimentos durante os primeiros nove meses do ano, cun 66,6%, mobilizando 521,4 millóns de euros. Ademais, foi capaz de compatibilizar esta alta execución cunha das maiores porcentaxes de pagamentos do gasto comprometido, case o 79%, o que representa 14 puntos máis que a media de comunidades.

Así se recolle nun informe da conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, elaborado con base nos últimos datos feitos públicos polo Ministerio de Facenda presentado hoxe ao Consello da Xunta, no cal tamén se sinala que Galicia foi a primeira comunidade, tanto en esforzo investidor en relación co PIB, como en pagamentos, triplicando en ambos os dous casos a media.

Igualmente, Galicia lidera o esforzo investidor por habitante, con 186,5 euros, case 2,5 veces máis que a media, que se eleva a 3,3 veces máis que o conxunto de autonomía no esforzo de pagamentos por habitantes.

Pagamento

Tendo en conta o total do gasto non financeiro, Galicia foi a segunda autonomía que tivo unha maior execución no terceiro trimestre do exercicio, cun 70,3%, catro puntos superior á media, e foi das poucas que mantivo un nivel de execución de recursos similar á do mesmo período en 2011. Igualmente neste caso o nivel de pagamentos foi mellor en Galicia en case catro puntos e chegou ata o 91%.